

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 06.02.2020

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 6 de febreiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Propositions non de lei

- 1 8289 (10/PNC-000871)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 7 máis
Sobre o inicio pola Axencia de Turismo de Galicia das xestións necesarias para o desenvolvemento dun estudo do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017

- 2 26075 (10/PNC-002006)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración do Entroido de Viana do Bolo como festa de interese turístico nacional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

- 3 47855 (10/PNC-003872)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual modelo de subvencións para a contratación de persoal nas oficinas de turismo dos concellos declarados municipios turísticos e os xeodestinos de Galicia, así como o importe máximo da axuda por entidade beneficiaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019

- 4 53313 (10/PNC-004250)
Grupo Parlamentario Mixto
Villares Naveira, Luis e Casal Vidal, Francisco
Sobre o desenvolvemento da rede de banda larga de internet en todo o territorio de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019

- 5 59832 (10/PNC-004776)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación na que se atopan a empresa Muebles Hermida, no concello de Lourenzá, e o seu persoal

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 576, do 13.12.2019

- 6 61227 (10/PNC-004869)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
 Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da
 situación da empresa industrial Noa Madera Creativa
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 594, do 22.01.2020
- 7 61424 (10/PNC-004882)
 Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
 Chao Pérez, Luca e Sánchez García, Antón
 Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar
 o mantemento dos postos de traballo na factoría de Coirós
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 594, do 22.01.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	M
Luca Chao Pérez	GCE
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 8289(10/PNC-000871)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 7 máis

Sobre o inicio pola Axencia de Turismo de Galicia das xestións necesarias para o desenvolvemento dun estudo do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago en Galicia

Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2017 10:01
Nº Rexistro: 8289
Data envío: 26/04/2017 10:01:12.742

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez e Paula Prado del Río**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O impacto do Camiño de Santiago na economía de Galicia é incuestionable. Este impacto é maior nas parroquias, vilas e pequenas poboacións que atoparon na revitalización do Camiño de Santiago unha nova oportunidade de desenvolvemento económico, social e cultural, entre outros.

Porén, e tras mais de 25 anos de apoio decidido das Administracións Públicas, fundamentalmente pola Xunta de Galicia, consideramos que é un momento idóneo para facer unha valoración do camiño percorrido e realizar un estudo do impacto económico do Camiño de Santiago en Galicia.

Este estudo será unha nova ferramenta para a Xunta de Galicia, e para todas as Administracións Públicas que exercen algunha competencia sobre o Camiño de Santiago, na súa toma de decisións porque proporcionará información cuantitativa e cualitativa en ámbitos como o emprego, a produción ou o medioambiente, pero tamén servirá para identificar novas oportunidades para o sector privado e a sociedade civil en xeral.

O Camiño é unha fonte de recursos para moitas familias de diferentes sectores, non só do sector servizos e podería selo aínda máis se coñecemos as necesidades e expectativas dos peregrinos, turistas e visitantes que se achegan ao Camiño de Santiago.

Para que se poda chegar ao maior abano de datos e información posible, o estudo de impacto debería considerar tanto aqueles sectores que están afectados directamente, é dicir, os impactos directos, como os impactos indirectos e os impactos inducidos, xa que o Camiño de Santiago ten un perfil multidisciplinar que xera unha fonda pegada no

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2017 10:01
Nº Rexistro: 8289**
Data envío: 26/04/2017 10:01:12.742

territorio polo que discorre, non só no que afecta a súa vertente turística, se non a aquilo que se refire á poboación local e ao seu desenvolvemento.

Os beneficios que para Galicia ofrece o Camiño de Santiago son evidentes pero tamén debemos saber preservar este importante recurso polo que, un estudo de impacto debe poñer o acento naquelas cousas que teñen que modificarse e reorientarse para dar novos impulsos ao Camiño e acadar a súa sostibilidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, para que a Axencia de Turismo de Galicia inicie as xestións necesarias para o desenvolvemento dun estudo que permita coñecer o impacto socioeconómico do Camiño”.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/04/2017 09:56:51

Maria Antón Vilasánchez na data 26/04/2017 09:57:02

Moisés Blanco Paradelo na data 26/04/2017 09:57:12

María Isabel Novo Fariña na data 26/04/2017 09:57:19

Marta Novoa Iglesias na data 26/04/2017 09:57:27

Cristina Isabel Romero Fernández na data 26/04/2017 09:57:34

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/04/2017 09:57:42

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/04/2017 09:57:51

Paula Prado Del Río na data 26/04/2017 09:58:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 26075(10/PNC-002006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración do Entroido de Viana do Bolo como festa de interese turístico nacional

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O Entroido de Viana do Bolo, que goza de recoñecida fama, é quizais un dos máis orixinais que se celebran en Galicia e o evento máis antigo e con máis tradición da zona. Os preparativos desta festa comezan ao finalizar o día de Reis, cos ensaios e a preparación de disfraces e carrozas. Ao finalizar a xornada diaria e durante os fins de semana, os veciños e veciñas organízanse para ir tocar o “folión” por todos os pobos da comarca. Hai numerosos “folións”, que fan soar ritmicamente grandes bombos e apeiros de labranza. E así ata que chega o primeiro dos días de fariña, o “xoves de compadres”, que ten lugar dous xoves antes do “domingo gordo”.

A continuación chega o sábado de fariña, con festa e charangas para dar a benvida aos mozos e mozas que estudan fóra do pobo. Os lardeiros son tradicionalmente vestidos con pezas roubadas aos mozos e ás mozas de Viana. O seguinte xoves é o “de comadres”. A noite anterior son os mozos os que rouban unha peza ás mozas para colocarlle á boneca “Lardeira”, que se coloca nun poste á beira do “Lardeiro”. O venres celébrase unha festa de disfraces para nenos e maiores, xuntándose todos de noite para ir de “foliada” por rúas e bares da vila, do mesmo xeito que o sábado, un día no que a poboación de Viana do Bolo adóitase triplicar.

O “domingo gordo” é o día grande do entroido. Dende ben cedo, a banda de gaitas percorre as rúas con alboradas para espertar a veciños e visitantes. Tras a recepción ás autoridades, o pregón e a entrega das insignias da “androlla”, iníciase o gran desfile que percorre as



principais rúas, participando todos os personaxes típicos do Entroido: “os boteiros”, “a mula”, “os folións” e “as carrozas”. O Boteiro é a figura máis rechamante do Entroido, coa súa máscara negra, ten como misión manter afastados aos espectadores, dando grandes brincos sobre unha pértega curta de cores chamada “monca”. Sobre a cabeza, o boteiro leva a chamada pantalla, un ornamento de vivas cores que vai suxeito á cabeza. Ademais, a vestimenta do boteiro está tamén composta por outras tres pezas: uns pantalóns de raso vermello, unhas polainas de coiro, e unha vistosa camisa confeccionada a partir dunha camiseta de felpa, sobre a que se cosen cintas rizadas de seda ou raso que forman debuxos de cores, empregándose nela máis de 1.000 metros de cinta. O cinto está feito de coiro forrado de tea e doce esquilas (cencerros) que tintinean cando o boteiro salta. A Mula sempre vai guiada por un Maragato; antigamente subíase aos seus lombos ao cacique do pobo para que convidase a viño e viandas a todos os veciños. Durante esta xornada, adoita celebrarse a “festa da androlla”, o produto gastronómico máis internacional da zona.

Como en todos os entroidos da provincia de Ourense, o luns é o día dedicado aos nenos e nenas, con desfiles, concursos e pasarúas. O martes o folión percorre as rúas e despídese ata o ano próximo, disfrazados e cargados de fariña, os participantes na festa, percorren as rúas ata a hora do baile e dos concursos de disfraces.

Dita festa trátase pois dunha manifestación de valores culturais e de tradición popular, con especial consideración polas súas características etnolóxicas e que ten unha especial importancia como atractivo turístico, polo que foi declarada de interese turístico de Galicia no ano 1999. Tendo en conta ademais que cumpre todos os requisitos recollidos na Orde ITC/1763/2006, do 3 de maio, para acadar a declaración dunha festas de interese turístico nacional:

- a) A antigüidade da celebración da festa ou acontecemento de que se trate.
- b) A súa continuidade no tempo (entre unha e outra celebración da festa non deberá transcorrer máis de cinco anos).
- c) Arraigamento da festa na localidade, o que implica a participación cidadá no desenvolvemento da festa.
- d) A orixinalidade e diversidade dos actos que se realicen.



O Pleno do Concello de Viana do Bolo no ano 2014, a proposta do grupo socialista, solicitou o inicio dos trámites para que o entroido de Viana do Bolo se declarara de “interese turístico nacional”, unha declaración coa que xa contan outros dous entroidos da provincia de Ourense: o de Xinzo da Limia e Verín.

Esta declaración require dun informe favorable da comunidade autónoma, neste caso dos organismos turísticos competentes da Xunta de Galicia, que remitirán no seu caso o expediente acompañado do informe á Subdirección General de Calidad e Innovación Turísticas, da Secretaría General de Turismo, que ditaminará ao respecto.

Esta declaración de carácter honorífico daría un empuxón a unha das festas máis antigas e simbólicas de Galicia, á vez que supoñería un revulsivo socioeconómico nunha provincia que precisa de medidas de acción positiva en todos os ámbitos e sectores de desenvolvemento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Apoiar a declaración do Entroido de Viana do Bolo como de “interese turístico nacional”.
2. Realizar todos os trámites recollidos na Orde ITC/1763/2006 do 3 de maio, para solicitar ao Goberno de España a declaración do Entroido de Viana do Bolo como Festa de Interese Turístico Nacional.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 11:31
Nº Rexistro: 26075
Data envío: 13/02/2018 11:31:51.092



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2018 11:26:09

Raúl Fernández Fernández na data 13/02/2018 11:26:15

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/02/2018 11:26:21

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2018 11:26:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2018 11:26:31

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 47855(10/PNC-003872)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual modelo de subvencións para a contratación de persoal nas oficinas de turismo dos concellos declarados municipios turísticos e os xeodestinos de Galicia, así como o importe máximo da axuda por entidade beneficiaria

Publicación da iniciativa, 450, 27.03.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, e dos seus deputados, María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Os municipios que constitúen un xeodestino turístico na Costa da Morte ofrecen unhas calidades turísticas inigualables debido ás características únicas da súa natureza, con inconfundibles e interminables praias, unha costa agreste e abrupta, chea de lendas e embruxo. Integrada nos circuitos xacobeos ofrece pintorescos lugares, restos de cultura castrexa, importantes testemuñas románicas das que cabe salientar como máximos expoñentes as igrexas de Moraime, Mens, Cereixo e Fisterra, ás que hai que engadir dolmens, castelos, santuarios, faros, fervezas, En definitiva, terra de contrastes e mil paisaxes, cunha boa mesa.

Por iso, os rexedores municipais non son descoñecedores do potencial co que contan, e ano tras ano están a facer importantes esforzos para poñelo en valor. Este esforzo vese reflectido nun inxente número de visitantes que se incrementa cada ano.

Non obstante, esta afluencia aflorou algunhas carencias nos servizos, a pesar dos grandes esforzos municipais para afrontala. Estas carencias veñen derivadas dos escasos recursos cos que contan.

Unha das máis salientables é a resultante da Resolución do 2 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as condicións e as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados como municipios turísticos e xeodestinos de Galicia, que limita as posibilidades de contratación de persoal nas oficinas de turismo, unicamente aos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Desde o 15 de xuño ao 15 de setembro.

Trátase dun modelo desfasado e insuficiente, que non se corresponde coa corrente real de visitantes ao longo do ano, e que impide que se poida ofrecer un servizo de calidade con comodidade. É preciso, polo tanto, un modelo que responda ás necesidades reais e aporte flexibilidade, de modo que os concellos poidan realizar estas contratacións, fixando de acordo coas súas necesidades as datas que requiran deste servizo, que non necesariamente ten que ser o mesmo en todos os concellos.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 13:45:29
Nº Registro: 47855
Data envío: 15/03/2019 13:45:29.089

Por todo iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Modificar o modelo actual de subvencións a concellos declarados municipios xeoturísticos de Galicia, adaptándoo ás necesidades reais dos concellos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo, de modo que as contratacións se poidan realizar en todos os períodos de máis afluencia de visitantes.

2º) Revisar á alza o importe máximo de axuda por entidade beneficiaria, por considerarse insuficiente para afrontar a contratación de persoal en todos os períodos do ano nos que sexa necesario co fin de poder ofrecer un servizo de calidade.

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2019 13:37:46

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/03/2019 13:37:59

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/03/2019 13:38:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/03/2019 13:38:28



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 53313(10/PNC-004250)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e Casal Vidal, Francisco

Sobre o desenvolvemento da rede de banda larga de internet en todo o territorio de Galicia

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira** e **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6.^a**, relativa ao desenvolvemento da rede de banda larga de internet en todo o territorio de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 9/2014, de 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións declarou que as telecomunicacións son servizos de interese xeral que se prestan en réxime de libre concorrencia.

A Rede de telecomunicacións galegas Retegal, S.A. é unha empresa pública creada polo Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, da Xunta de Galicia, polo que se crea a sociedade que se encarga da xestión e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A actividade oríentase a prestación de servizos con carácter universal, e posúe a rede de radiodifusión máis ampla de Galicia, en infraestruturas de transporte e infraestruturas de difusión. Este órgano depende da Presidencia da Xunta de Galicia, en concreto da Axencia para a Modernización tecnolóxica de Galicia.

Mediante o Decreto 352/2009, de 2 de xullo, declarouse RETEGAL como medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia e dos seus organismos autónomos no concernerente á realización das actividades propias do seu obxecto social que estas lle encarguen.





No ano 2012, o Consello da Xunta, declarou a incidencia supramunicipal do plan sectorial da empresa pública RETEGAL, na implantación e desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicación que xestiona. O plan converteuse na estratexia para o desenvolvemento das iniciativas públicas do ámbito das telecomunicacións seguindo criterios de equidade territorial.

Retegal conta con centros de telecomunicacións clave para o desenvolvemento do Plan de Banda Larga que permita o acceso á internet a toda a cidadanía de Galicia.

No plan de acción da AMTEGA para o ano 2018, no ámbito do obxectivo 5 de apoio ao crecemento do ecosistema dixital, atópase o plan de banda larga: o vertebramento dixital do territorio.

O Plan de Banda Larga de Galicia 2020 susténtase na implantación da combinación de 3 medidas/ obxectivos: innovación, eficiencia e intelixencia. A promoción do acceso á banda larga de alta velocidade para todos, a garantía dun entorno favorable para a extensión eficiente de redes, e a integración intelixente da sociedade na economía dixital.

Sendo hoxe en día un servizo de interese xeral a conexión á rede, e non estando garantido o acceso á mesma polas empresas privadas pese as inxentes subvencións que reciben da Xunta de Galicia, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Desenvolver un plan de rede pública a través de Retegal para reducir a fenda dixital e garantir a banda larga de internet en todo o territorio galego, que se podería empregar por calquera operadora privada en réxime de concesión e/ou aluguer.
- 2.- Desenvolver un estudo técnico para determinar tecnoloxía máis axeitada para cada tipoloxía de poboación e situación xeográfica que garanta o acceso a banda larga en calquera punto de Galicia.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 11:01:35
Nº Rexistro: 53313
Data envío: 05/08/2019 11:01:35.713

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Voceiro e deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 05/08/2019 10:59:47

Francisco Casal Vidal na data 05/08/2019 10:59:56

CSX_FEXYSTFR02sVZy08v9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 59832(10/PNC-004776)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación na que se atopan a empresa Muebles Hermida, no concello de Lourenzá, e o seu persoal

Publicación da iniciativa, 576, 13.12.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2019 17:45:11
Nº Rexistro: 59832
Data envío: 05/12/2019 17:45:11.125

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión**, sobre a situación da empresa Muebles Hermida, no Concello de Lourenzá, e das súas traballadoras e traballadores e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa de fabricación de mobles, Muebles Hermida, situada no Concello de Lourenzá está a piques de entrar en concurso de acredores. Alén das débedas con provedores e mesmo co IGAPE, adebeda catro meses de salarios ao cadro de persoal.

Esta situación, segundo denuncian as organizacións sindicais, débese á “mala xestión” da dirección e a “erros na produción”, porén, a empresa conta con carga de traballo.

Recentemente, e en sesión extraordinaria, o pleno municipal de Lourenzá aprobou por unanimidade unha iniciativa que demanda a mediación das administracións públicas, nomeadamente da Xunta de Galiza, na procura dunha solución.

Cómpre lembrar que Muebles Hermida conta con 97 traballadoras e traballadores o que sitúa a empresa como un dos principais centros de traballo da zona.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2019 17:45:11
Nº Rexistro: 59832
Data envío: 05/12/2019 17:45:11.125

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a mediar diante da crise na empresa Muebles Hermida, no Concello de Lourenzá, na procura dunha solución que garanta o mantemento da actividade e os postos de traballo.”

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2019 17:35:20

Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2019 17:35:30



CSX4_FEXYSTFROJBIwawm3S9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2019 17:45:11
Nº Registro: 59832
Data envío: 05/12/2019 17:45:11.125

María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2019 17:35:38

Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2019 17:35:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/12/2019 17:35:54

Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2019 17:36:02

CSV, EXISTE FROBIAWWS39
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 61227(10/PNC-004869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da situación da empresa industrial Noa Madera Creativa

Publicación da iniciativa, 594, 22.01.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 61227
Data envío: 09/01/2020 14:05:07.485

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa á situación da empresa industrial Noa Madera.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento da situación delicada que atravesamos a empresa Noa Madera e das protestas que está a levar a cabo os seus traballadores e traballadoras. Unha situación diante da que o goberno galego debe implicarse.

Cómpre recordar que a industria da transformación da madeira é un vector da economía galega, e a fabricación e instalación de mobiliario unha das súas vertentes cun importante impacto no sector, onde Galiza é selo de calidade.

Xa no ano 2018, diante dun anuncio de ERE por parte dos actuais propietarios de Noa Madera Creativa, o Bloque Nacionalista Galego mantivo reunións e contactos co Comité de Empresa e rexistrou iniciativas ao respecto. Porén, nese momento a situación foi reconducida grazas ao tesón dos traballadores e traballadoras.

Porén, recentemente, esta empresa situada en Fene, no polígono de Vilar do Colo, e que na actualidade daba traballo a arredor de 250 persoas de forma directa, unha

CSM-REXISTROV6JHCAMB5
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 61227
Data envío: 09/01/2020 14:05:07.485

cifra meirande se temos en conta as tarefas derivadas e complementarias, atópase inmersa nun claro proceso de deslocalización progresiva e de baleirado do seu cadro de persoal. Desde meses estase a vivir na localidade e, por extensión, na comarca unha situación de grande preocupación derivada da política laboral aplicada por Malasa. Por estes motivos, o pasado 19 de decembro o 100% do persoal de Noa secundaba a folga en defensa dos empregos e das condicións laborais con concentracións nas oficinas de Malasa en Cerceda e na sede de Inditex en Arteixo, xa que este é un dos principais clientes.

As e os traballadores denuncian que desde que Malasa adquiriu a empresa comezaron unha clara estratexia de empeoramento das condicións laborais para precarizalas e equiparalas ás que aplica no resto das súas empresas. Entre outros feitos, houbo perda de empregos a través do desmantelamento da Oficina Técnica e o traslado unilateral e sen negociación de máis de 40 persoas ás instalacións de Cerceda, traslados forzosos que en moitos casos levaron ou van levar a moitas persoas a ter que renunciar a eses traballos.

A representación do Comité de Empresa ten explicado que a situación parte da absorción de Noa Madera por parte do grupo Malasa –que ten como cliente prioritario a Inditex- o pasado mes de agosto de 2018, que iniciou un empeoramento das condicións que non se explica nin por problemas de solvencia, nin problemas de produción, senón máis ben nun intento da actual propietaria de precarización das condicións laborais para obter máis beneficios a costa das traballadoras e traballadores ao tempo que se expande, por exemplo cunha factoría en México que empregará a máis de 300 persoas..

Estamos a falar dunha empresa que, ademais, conta cun cadro de persoal cunha media de idade moi nova do entorno do conxunto da comarca; sendo da maioría dos casos persoas que accederon aquí ao seu primeiro posto de traballo, polo que o impacto

CSV: REXISTROY6JHC4W6S
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2020 09:30:00
Nº Registro: 61227
Data envío: 09/01/2020 14:05:07.485

na xa deteriorada economía comarcal sería considerábel -dado que non falamos só dos postos directos da empresa, senón dos que derivan da actividade que desenvolve- ademais de deixar desprotexidas a centos de familias.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, á vista desta situación, expresa a súa rotunda oposición a que se perda calquera posto de traballo ou se precaricen as condicións laborais do cadro de persoal. Máis aínda, tendo en conta que traballan para xigantes da industria téxtil, cómpre desenvolver unha activa política de negociación con estas empresas, nomeadamente Inditex, para que se manteñan os postos de traballo e os dereitos laborais acadados.

Nese sentido, alén de ter impulsado mocións nos diversos concellos da comarca, para o BNG é fundamental que o propio Parlamento de Galiza e a Xunta de Galiza se impliquen nesta cuestión e as e os traballadoras gañen apoio institucional e social.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a mediar polo mantemento das condicións laborais e postos de traballo de Noa Madera na comarca de Ferrolterra e impulsar para tal efecto, no prazo máximo de 15 días, unha mesa de traballo conxunta de todas as partes para mediar no conflito.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

CSX: REGISTRO: v6.JHC4w65
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2020 09:30:00
Nº Registro: 61227
Data envío: 09/01/2020 14:05:07.485

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 13:41:25

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 13:41:32

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 13:41:38

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 13:41:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 13:41:52

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 13:42:00



CSX: REXISTROY6JHC4WBS
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.02.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 61424(10/PNC-004882)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar o mantemento dos postos de traballo na factoría de Coirós

Publicación da iniciativa, 594, 22.01.2020

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 61424
Data envío: 13/01/2020 14:05:40.629

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa dos seus deputados **Luca Chao e Antón Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na comisión 6ª**, sobre a situación de EMESA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2008, no que chegou a contar con 300 traballadores, a empresa EMESA (Elaborados Metálicos S.L) comezou unha cadea de despedimentos e expedientes de regulación de emprego que provocaron a diminución permanente do cadro de persoal, que conta hoxe, en mans de Soil Recovery, con case 90 persoas empregadas.

Emesa é considerada un dos mellores fabricantes de estrutura atornillada a nivel internacional, especializada na enxeñería, fabricación e montaxe de solucións, está presente en recoñecidas firmas e infraestruturas de A Coruña, España e o resto do mundo, como a nova planta de biomasa de Curtis-Teixeiro a ampliación de Rande, a Filarmonía de París ou a intermodal de Lisboa.

Foi a principios deste mes de decembro cando o propietario comunicou á plantilla, que leva dende setembro sen cobrar, a entrada en concurso de acreedores e a ameaza dun ERE extintivo que levaría ao peche da fábrica.

CSM-REXISTROKONKONBzY6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>



*Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda*

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 61424
Data envío: 13/01/2020 14:05:40.629

Isto malia que en catro anos, o propietario Grupo Soil recibiu catro millóns de euros públicos. Cifra que segundo os datos contabilizados pola CIG, se dividiron da seguinte maneira: 500.000 euros do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), 580.000 euros de XesGalicia e 2,9 millóns de euros procedentes do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI).

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Adoptar as medidas necesarias para facilitar o mantemento dos postos de traballo na factoría de Coirós.
2. Vincular as axudas públicas a empresas ao mantemento dos postos de traballo.

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez.
Antón Sánchez García.

Vicevoceira e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2020 09:30:00
Nº Registro: 61424
Data envío: 13/01/2020 14:05:40.629

Luca Chao Pérez na data 13/01/2020 14:04:21

Antón Sánchez García na data 13/01/2020 14:04:32

CSX4.FEYJSTFROHGNNBaz/6
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal